

Boletín nº1 Deporte de Orientación

**CAMPIONATO GALEGO DE LONGA DISTANCIA**

**XVII TROFEO UNIVERSIDADE de VIGO**

**XXVII LIGA GALEGA**

Sábado, 9 de xuño de 2018

### **Proba para persoas federadas e non federadas.**

#### **>Organiza:**

Sección deportiva de Carreiras de Orientación da Universidade de Vigo.

Federación Galega de Orientación

#### **>Inscripcións a través da web da FEGADO: [www.fegado.es/intranet](http://www.fegado.es/intranet)**

Todas as inscricións deberán ser realizadas a través da páxina web da la FEGADO xa indicada e non será aceptada ningunha outra que non sexa feita deste xeito, nin no prazo indicado.

As persoas xa rexistradas unicamente se terán que inscribir na proba. Para os demais deberán rexistrarse primeiro e a continuación inscribirse nesta proba na sección "eventos". Neste segundo caso, a persoa deberá, se non pertence a ningún club, deberá indicar "sen club". Os campos marcados cun \* son obrigatorios, e o resto pódense cubrir cando a persoa o desexe, aínda que agradecemos que se nos cubran todos os datos solicitados.

**Data límite de inscrición: Domingo 3 de xuño ás 22:00 h.**

#### **>Tarxeta SportIdent**

Todos os percorridos utilizarán tarxeta SportIdent e polo tanto todas as persoas participantes deberán indicar o seu número de pinza á hora de realizar a inscrición. Se non é así, a organización asignaralles unha pinza de aluguer cun custe de 3€.

Esta pinza deberá ser recollida na secretaría antes do inicio da carreira e devolta á organización xusto no momento de chegar á meta. Pola perda ou deterioro da mesma aboaranse 30€.

**>Cotas:**

- Persoas federadas pola FEDO ou FEGADO: 5€ (calquera das probas)
- Persoas non federadas: 7€ (INI. Curta) ou 9€ (INI. Longa)
- Aluguer de pinza SportIdent: 3 €

**>Pagamentos:** faranse directamente a través da web de xestión deportiva da Universidade de Vigo [DEPORXEST](#). O prazo de pagamento estará aberto ata o día anterior á proba sempre e cando a persoa teña realizada previamente a súa inscrición na web da FEGADO. A organización non admitirá ningún pagamento de persoas que non teñan correctamente realizada a súa inscrición na web da FEGADO.

Cómo facer o pagamento:

**\* Persoas a título individual:**

- Se aínda non tes conta, crea unha no seguinte enlace [CREAR CONTA](#).
- Fai click no botón azul de INSCRICIÓN na modalidade na que desexes competir nesta mesma web: [Trofeo de Orientación](#).
- Inicia sesión e escolle a tarifa que necesites (con ou sen aluguer de pinza)
- Acepta as "condicións e termos de venda" e elixe a forma de pagamento.

## \* **Inscricións de clubs:**

- Se o club non ten aínda conta de usuario, crea unha no seguinte enlace [CREAR CONTA](#). Se xa ten conta do ano pasado, pero non lembrás o login ou a contrasinal, podes recuperalos desde ese mesmo enlace.
- Agarda a que che confirmemos que a cota de pagamento xa está xerada no teu usuario.
- Inicia sesión entón no [DEPORXEST](#) co login e contrasinal do club e vai ao menú Miña Conta / Histórico / Pedidos. Aí atoparás o importe de pago pendente polo conxunto das inscricións.
- Dálle a Ver+ para desprezar toda a información do pedido e elixe a forma de pagamento.

## **Formas de pagamento e xustificantes:**

- Online con tarxeta bancaria a través desta web.
  - Imprimindo a folia de autoliquidación e pagándoa a través da banca online, dun caixeiro ou dunha sucursal bancaria dalgunha das entidades colaboradoras: Caixabank, Banco Santander ou Abanca.
- \* A factura poderá ser descargada da web pola propia persoa usuaria unha vez que a Universidade reciba o ingreso. Na forma de pagamento por folia de autoliquidación os bancos tardan unhas 24 h en remitirnos a información dos pagos.

## **>Zona de competición e concentración:**

Centro de competición na Área Comercial do Campus Lagoas Marcosende de Vigo.

A9 Dirección Vigo-Aeroporto-Porriño-Ourense-Madrid.

Saída 159A

Vieiro interior (Gasolineira)

Dirección Tanatorio Vigo Memorial / Viveiros Adoa

Campus Universitario (Cuvi)

## **>Programa:**

09:30 h.: entrega tarxetas.

10:30 h.: saída 1<sup>o</sup>a corredor/-a. 14:00 h.: peche de meta.

### >Mapa:

Elaborado segundo as normas IOF nos anos (2011, 2013, 2015). Revisión de campo en maio 2018.

Mapa idóneo para o deporte da orientación, dominan as áreas despexadas, mesturadas con zonas urbanas. semipoboadas é boscosas.

A boa visibilidade e a limpeza en certas zonas do terreo, facilitarán as velocidades moi altas de carreira que se alternarán con pendentes variables e dificultade técnica de interpretación.

### >Categorías:

As contempladas no regulamento da XXVII Liga Galega 2018.

<http://fegado.es>

Escala todos os percorridos, 1:7.500. Eq 5m.

As persoas non federadas, independentemente da idade, so poderán inscribirse en INI CURTA ou LONGA. Para estes dous percorridos, a saída será na modalidade Estación Start (sen hora de saída fixada), entre as 10:30 e as 11:30h., cun corredor habilitado SO para elas.

### >Outras Informacións:

Control por Tarxetas Sporldent en todos os percorridos.

Estacionamento e auxilios na zona de concentración.

Auga e bebidas isotónicas.

Trofeos: Para as categorías Élite

### >Normas:

1. Todo corredor deberá prestar axuda se atopa a algún corredor lesionado.
2. Deberá respectar as balizas de control.

3. En caso de abandono será obrigatorio presentarse na meta.
4. Tanto a organización como as persoas participantes están obrigadas a respectar o medio ambiente.

**>Prevención de riscos, instrucións de seguridade e recomendacións:**

1. As persoas participantes farano baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes das carreiras de orientación a pé.
2. Todas as persoas participantes veranse obrigados nalgún momento a circular ou cruzar algunhas estradas. Trátase de estradas asfaltadas, cuxo nivel de circulación é moi baixo ou nulo (recordando a todas as persoas participantes que teñen a obriga de coñecer e respectar as normas de circulación).
3. Todo participante ao efectuar a inscrición da carreira, enténdese que autoriza o uso de imaxes da mesma para poder ser publicadas en calquera medio de comunicación.
4. No punto sinalado no plano co símbolo dun “vaso”, haberá fontes perfectamente localizables é sinaladas con cinta de balizar.
5. Lembramos que queda totalmente prohibido para as persoas participantes nesta proba adestrar ou participar en calquera actividade na zona de competición. No caso de incumprimento desta norma, a persoa será descualificada ao rematar a proba.